

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

PE 403A 2009/42-5

Ano	2010
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE BAIONA
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE NAVALLA E LONGUEIRÓN
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO-RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE.

Especies	Navalla (<i>E.arcuatus</i>) e longueirón (<i>E.siliqua</i>)
Ambito do plan	De puntal da Serra a punta do Boi
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/habilitacións
-	6	14
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción	80											
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾	: xaneiro a decembro, cunha veda para navalla nos meses de febreiro e marzo e para o longueirón nos meses de maio e xuño.											
Modalidade⁽³⁾	: mergullo con subministro de aire dende superficie											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura		
Especies	Embarcación/día	Tripulantes enrolado e a bordo/día
Navalla	20 kg	10 kg
Longueirón	20 kg	10 kg

Arte ou técnica de extracción	Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie
--------------------------------------	--

Puntos de control	Embarcación da confraría e lonxa de Baiona
Puntos de venda	Lonxa de Baiona.

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improditivas												
Zonas:												
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Ambito do plan: a entidade propón como ámbito do plan dende praia Abra (polo norte) a cabo Silleiro. Dita proposta supón un solapamento co plan de navalla-longueirón aprobado á confraría de Vigo, no que respecta á praia da Abra. Polo que, o ámbito do plan será o mesmo que o aprobado para o ano 2009: De puntal da Serra a punta do Boi.

Calendario: deberesase dividir a zona de traballo en alomenos tres zonas de explotación, que deben ser traballadas alternativamente. Así mesmo, terá que establecerse un calendario de alternancia mensual de zonas que deberá remitirse ao departamento territorial antes da primeira apertura.

Cotas máximas de captura: a cota máxima de captura é de 10 kg/tripulante enrolado e a bordo/día, ata un máximo de 20 kg/embarcación/día

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguemento do banco deberán ser remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Plan de control:

No caso particular do emprego de mergullo con subministro de aire dende superficie, e sempre que sexa aprobado o plan de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente, considérase necesario un maior esforzo no control da actividade para poder avaliar o emprego desta técnica na explotación dos bancos. Polo tanto, será necesario establecer un punto de control no banco sublitoral formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguemento da explotación, verificaranse os cupos de captura e tamaños de extracción, e o produto extraído será precintado emitíndose un ticket nominativo. As follas de control serán remitidas ao biólogo de zona do departamento



territorial, na forma que se determine.

Actividade de mergullo:

Segundo o informe da sección de formación pesqueira emitido en data 09.11.2008 autorízase a realización das inmersiones necesarias para a execución do plan sempre e cando sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente, coas seguintes especificacións:

Mergullo con subministro de aire dende superficie: máximo 12 metros, cun tempo total no fondo que non requira a realización de paradas de descompresión.

Coa primeira solicitude de apertura deberán achegar o plan de seguridade aprobado pola autoridade marítima correspondente.

Propostas de modificación do plan: Xunto ao plan achégase propostas de modificación do plan introducidas polo xunta xeral da confraría. Dita proposta presentada pola confraría foi posterior á aprobación do plan de explotación presentado polo colectivo da navalla e sen a aprobación deste. A proposta pode resumirse en: expulsión das embarcacións que actualmente están incluídas no plan para a inclusión doutras no seu lugar.

Recordar que non é posible a expulsión das embarcacións sempre e cando cumpran cos requisitos establecidos na normativa vixente e que para a inclusión de novas embarcacións no plan farase de conformidade co estado do recurso, a evolución do plan e da situación social do sector e que unha vez que fose aprobada tal incorporación, farase aplicando o baremo aprobado pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.

Recomendacións para a mellora do plan.

- Realizar xunto co biólogo de zona a división da zona de traballo en alomenos tres subzonas, así como a súa rotación.